

Convocatorias DELE 2019

Os diplomas DELE son títulos expedidos polo Instituto Cervantes en nome do MEC (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte de España) e gozan de recoñecemento oficial nos países cos que se asinaron acordos bilaterais en materia de educación.

É unha proba idéntica en todos os centros examinadores seguindo os criterios establecidos polo Instituto Cervantes.

Actualmente existen 6 niveis: A1, A2, B1, B2, C1 e C2

LUGAR DO EXAME: Campus de Vigo.

Convocatorias DELE 2019

Convocatoria de febreiro- Nivel A2

- Prazo de matrícula: dende o 14 de novembro 2018 ata o 9 de xaneiro 2019.
- Exame: **8 de febreiro**- Nivel A2

Convocatoria de maio- Niveis A2, B1, B2, C1, C2

- Prazo de matrícula: dende o 14 de novembro 2018 ata o 27 de marzo 2019.
- Exame: **25 de maio**- Niveis A2, B1, B2, C1 e C2

Convocatoria de setembro- Nivel A2

- Prazo de matrícula: dende o 14 de novembro 2018 ata o 24 de xullo 2019.
- Exame: **13 de setembro**- Nivel A2

Convocatoria de novembro- Niveis A2, B1, B2, C1, C2

- Prazo de matrícula: dende o 14 de novembro 2018 ata o 9 de outubro 2019.
- Exame: **23 de novembro**- Niveis A2, B1, B2, C1 e C2.

O día da convocatoria de exame DELE adminístranse tres probas de exame DELE (Comprensión de lectura, Comprensión auditiva, Expresión e interacción escritas) a partir das 9:00 da mañá en todos os centros de exame do mundo.

A proba de Expresión e interacción orais pode realizarse o día da data de exame, en días anteriores ou posteriores a ese día, no momento que fixase o centro de exame, polo que os candidatos deben estar atentos á convocatoria do centro de exame.

As persoas matriculadas recibirán por e-mail a folia oficial de convocatoria coa hora e o lugar detallados.

Procedemento de inscrición en Internet en España

- A inscrición e o correspondente pago das probas de exame DELE débense realizar en liña, tras rexistrarse, dentro do espazo privado do usuario da web:
<https://exámenes.cervantes.es/>
- Pode abonar a súa inscrición nas probas DELE con calquera dos sistemas de pago habituais: tanto con cartóns de crédito e débito, a través do sistema TPV Virtual de Santander Elavon Merchant Services, como mediante Paypal, que tamén lle permitirá facer efectivo o prezo con todo tipo de cartóns de crédito sen necesidade de rexistrarse.

Documentación para o exame

- Copia selada da folla de inscrición.
- O pasaporte ou o documento de identificación que presentasen no momento da inscrición.
- A convocatoria oficial de exame, que recibirían do centro de exame.

Notificación de resultados

O Instituto Cervantes comunicará os resultados nun prazo aproximado de dous meses desde a realización do exame.

Prezos por nivel (Precios fixados polo Instituto Cervantes)

Nivel A1: 108 €	Nivel B1: 160 €	Nivel C1: 205 €
Nivel A2: 130 €	Nivel B2: 190 €	Nivel C2: 220 €

Devolución de matrícula

O candidato dispón dun dereito de devolución conforme ás disposicións legais e ten dereito a exercitalo nun prazo de **14 días naturais** dende a data de inscrición.

Otros datos de interés

Más información:

<https://exámenes.cervantes.es/>

www.cdl.uvigo.es.

Centro de Linguas Tfno.: 986 812 250, centrodelinguas@uvigo.es